

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E SE APROBA A CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A ASISTENCIA E PARTICIPACIÓN NO CURSO INTENSIVO COMBINADO (BIP) *TRADITION IN CULINARY INNOVATION*, NO MARCO DA ACCIÓN DE MOBILIDADES DE CURTA DURACIÓN DO PROGRAMA ERASMUS

O programa Erasmus+ ofrece unha nova oportunidade ás universidades participantes de financiar os cursos intensivos combinados, en adiante BIP, que inclúen unha formación a distancia previa a unha actividade de mobilidade física, estadias de curta duración de 5 a 30 días, co obxecto de facer un programa máis inclusivo e beneficiar a un maior número de participantes.

A Universidade de Vigo, en posesión da Carta Erasmus de Educación Superior para o período 2021-27, solicitou financiación para a realización de actividades de mobilidade, entre outras, estadias de curta duración.

En virtude do convenio asinado co Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE), do Regulamento de mobilidade internacional da Universidade de Vigo e vista a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento, en virtude das facultades que lle outorga a Lei orgánica 2/2023 de 22 de marzo, so Sistema Universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo, esta reitoría

RESOLVE:

- 1- Convocar un **mínimo de 10 axudas** Erasmus da modalidade de estadias curtas para participar no BIP *Tradition in Culinary Innovation*, impartido online entre o 18 e 29 de setembro de 2023 e cunha mobilidade presencial do 9 ao 13 de outubro de 2023, organizado pola Universidade de Porto. Poderanse conceder axudas adicionais unha vez finalizado o proceso de selección se houberse dispoñibilidade orzamentaria co crédito retido.
- 2- Ordenar a publicación desta convocatoria e as bases que a regulan, no [taboleiro de anuncios da sede electrónica da Universidade de Vigo](#) e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.
- 3- Aplicar a este procedemento a tramitación de urxencia nos termos previstos no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, co fin de seleccionar o estudiantado e que este poida preparar, antes do seu inicio, a actividade á que se destina esta axuda.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o reitor no prazo dun mes (Lei 39/2015, do 1 de outubro) e/ou recurso contencioso administrativo perante a xurisdición contencioso-administrativo, no prazo de dous meses (Lei 29/1998, de 13 de xuño). Os prazos empezan a contar dende o día seguinte á publicación desta resolución. No caso de interpoñer recurso polas dúas vías, é preciso esperar a resolución expresa ou presunta do de reposición.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)

A vicerreitora de Internacionalización

M^a Isabel del Pozo Triviño



ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE AXUDAS DE ESTADIAS DE CORTA DURACIÓN PARA A PARTICIPACIÓN NO CURSO INTENSIVO *TRADITION IN CULINARY INNOVATION*

1. OBXECTO

Ofrecer ao estudiantado da Universidade de Vigo matriculado en programas de mestrado ou doutoramento a posibilidade de participar no BIP *Tradition in Culinary Innovation* que terá lugar presencialmente en Porto en do 9 ao 13 de outubro de 2023.

2. REQUISITOS

- 2.1. Estar matriculado/a no curso académico 2022-2023 nalgunha das titulacións de mestrado ou doutoramento que se ofertan na Universidade de Vigo, que teñan relación con Alimentación e Nutrición.
- 2.2. Estar matriculado/a no curso académico 2023-2024: deberase riscar o compromiso de matricularse no curso 2023-2024 no formulario de solicitude.
- 2.3. Non ter realizado previamente estadias de longa duración Erasmus+ que sumen máis de 10 meses no mesmo ciclo de estudos no cal estea matriculado para facer a mobilidade de curta duración.
- 2.4. Ter coñecementos de nivel mínimo B1 en inglés, segundo o Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER). O coñecemento de idiomas deberá acreditarse mediante a presentación dalgunha das [certificacións oficiais recoñecidas pola Asociación de Centros de Linguas en la Enseñanza Superior \(ACLES\)](#) ou polas incluídas no anexo da [resolución reitoral de 22 de maio de 2023](#).

Ligazón á táboa de certificacións recoñecidas por ACLES:

<https://acles.es/uploads/archivos/Tablas ACLES/Tablas de certificados reconocidos por ACLES 2023 02 03.pdf>

Ligazón á resolución reitoral de 22 de maio de 2023:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/571>

3. DURACIÓN DO CURSO E DAS ESTADÍAS

A estadia presencial realizarase do en Porto en do 9 ao 13 de outubro de 2023. O curso inclúe un compoñente virtual que terá lugar online entre o 18 e o 29 de setembro de 2023.

4. MODALIDADES DE AXUDA, DOTACIÓN ECONÓMICA E PAGAMENTO

4.1. MODALIDADES DE AXUDA

As persoas seleccionadas recibirán unha das dúas modalidades de axuda: axuda estándar ou axuda destinada a participantes con menos oportunidades.

A. Axuda estándar, que será dun máximo de **680 €**, polos seguintes conceptos:

- Axuda individual: **350 €**, 70 € por día ata un máximo de 5 días.





- Axuda por dous días adicionais de viaxe, sempre que a viaxe de ida se realice o 8 de outubro e a de volta o 14 de outubro: **140 €**.
- Axuda por dous días adicionais de viaxe, que se sumarán aos do apartado anterior, no caso de viaxe ecolóxica, e sempre que se xustifique a necesidade destes días adicionais: **140 €**
- Axuda adicional en contía única no caso de realizar unha viaxe ecolóxica (tren, autobús..): **50 €**.

B. Axuda para participantes con menos oportunidades, que será dun máximo de **940 €**, polos seguintes conceptos:

- Axuda individual: **350 €**, 70 € por día ata un máximo de 5 días.
- Axuda por dous días adicionais de viaxe, sempre que a viaxe de ida se realice o 8 de outubro e a de volta o 14 de outubro: **140 €**.
- Axuda por dous días adicionais de viaxe, que se sumarán aos do apartado anterior, no caso de viaxe ecolóxica e sempre que se xustifique a necesidade destes días adicionais: **140 €**
- Axuda de **100 €** adicionais, en contía única, pola condición de participante con menos oportunidades.
- Unha axuda de viaxe segundo distancia de viaxe: **180 €, no caso de viaxe estándar, ou 210 € se a viaxe é ecolóxica**. Esta axuda calcularase en función da distancia en Km que establece a seguinte táboa:

Distancia de viaxe estándar	Importe viaxe estándar	Importe viaxe ecolóxica
Entre 10 e 99 km:	23 € por participante	
Entre 100 e 499 km:	180 € por participante	210 € por participante
Entre 500 e 1999 km:	275 € por participante	320 € por participante
Entre 2.000 e 2.999 km:	360 € por participante	410 € por participante
Entre 3.000 e 3.999 km:	530 € por participante	610 € por participante
Entre 4.000 e 7.999 km:	820 € por participante	
Máis de 7.999 km:	1.500 € por participante	

A "distancia de viaxe" representa a distancia entre a cidade da universidade de orixe e a cidade da realización da actividade en destino. Esta distancia está calculada coa ferramenta que ofrece o programa Erasmus+ na páxina http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm.

***Considérase alumnado con menos oportunidades:**

- O alumnado beneficiario dunha bolsa do Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP) no curso inmediatamente anterior á realizar a mobilidade, curso 2022-23 ou no curso 2023-24.
- O alumnado que teña recoñecida legalmente unha discapacidade en grao igual ou superior a un 33%. De ser necesario, poderanse tramitar axudas adicionais dependendo do custo real dos gastos incorridos polo/a beneficiario/a mediante a presentación de facturas polos seguintes conceptos: transporte, acompañantes, servizos profesionais, outro tipo de gastos derivados da mobilidade.
- O alumnado que teña a condición de persoa refuxiada ou con dereito a protección subsidiaria ou teña presentada unha solicitude de protección internacional en España.



4.2. DOTACIÓN ECONÓMICA

A Universidade de Vigo consignará a cantidade total máxima estimada de **9.400 €** para o que se achega o correspondente certificado de retención de crédito na aplicación orzamentaria 2023ORI1121DERA482.10.

O importe da axuda será aboado por transferencia bancaria á unha conta da que sexa titular a persoa beneficiaria, unha vez asinado o convenio de subvención que lle será remitido ao alumnado desde a Oficina de Relacións Internacionais.

4.3. PAGAMENTO

O pagamento farase en dous fases:

- **1º pagamento:** Iniciarase a tramitación do pagamento do **80% das bolsas** antes do inicio da mobilidade, nas condicións que figuren no convenio financeiro que o/a estudante debe asinar antes do inicio da mobilidade.
- **2º pagamento:** Iniciarase a tramitación do pagamento do importe restante ao finalizar a estadia, no momento en que se cumpran as seguintes condicións:
 - 1) Que o estudantado presente na ORI :
 - O certificado orixinal de fin de estadia, debidamente asinado e co selo da institución de destino.
 - Os xustificantes da viaxe.
 - 2) Que o estudantado complete o informe final de experiencia relativo á súa mobilidade na plataforma do “Modulo do beneficiario” da UE, cando lle sexa requirido mediante un aviso dirixido ao seu enderezo de correo electrónico do dominio @uvigo.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da Ley 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non poderá ter a condición de beneficiario a persoa na que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

5. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

5.1. Presentación de solicitudes

A presentación de solicitudes supón a realización da totalidade dos seguintes pasos:

- a) Completar o formulario que se atopa na seguinte ligazón no portal de mobilidades saíntes:

<https://uvigo.moveon4.de/form/64942b1e0e19d56b190308a0/glg>

O alumnado deberá identificarse cos datos de acceso á secretaría virtual.

- b) No apartado do formulario “documentos requiridos” deberá achegar a certificación de coñecemento de inglés.

No caso de dificultades técnicas en relación ao formulario MoveOn, poderán dirixirse ao enderezo electrónico soporte.moveon@uvigo.gal.

5.2. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria e rematará o **14 de xullo de 2023 ás 23:59** (hora peninsular española).



6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicarase a listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo **de cinco días hábiles**, que se contarán a partir do día seguinte á publicación, para emendar os erros e a falta de documentación presentando as alegacións a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante a instancia xenérica (SXER) dirixida á Oficina de Relacións Internacionais.

Unha vez revisadas as alegacións a selección será efectuada pola Comisión de selección segundo o seguinte criterio:

Nota media ponderada do expediente do título de de licenciatura/grao que lle deu acceso.

A **Comisión de selección** está composta por:

Presidente: Jesús Simal Gándara, coordinador do BIP na Universidade de Vigo

Secretaria: Rebeca Cofán Pereiras, xefa de negociado da ORI

Vogais: Amelia Rodríguez Piña, directora técnica da ORI

Publicada a resolución coa listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas e efectuada a selección pola comisión, publicarase a listaxe provisoria de persoas candidatas seleccionadas e a listaxe de agarda.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **5 días hábiles**, que se contarán a partir do día seguinte á publicación desta resolución a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante a instancia xenérica (SXER) dirixida á Oficina de Relacións Internacionais.

Revisadas as alegacións, a Oficina de Relacións Internacionais elevará a proposta de resolución definitiva de prazos concedidas, denegadas e lista de agarda, á vicerreitoría de Internacionalización para a súa publicación.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o reitor no prazo dun mes (Lei 39/2015, do 1 de outubro) e/ou recurso contencioso administrativo perante a xurisdición contencioso-administrativo, no prazo de dous meses (Lei 29/1998, de 13 de xuño).

Os prazos empezan a contar dende o día seguinte da publicación desta resolución. No caso de interpoñer recurso polas dúas vías, é preciso esperar a resolución expresa ou presunta do de reposición.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 5 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Universidade de Vigo, no Portal de bolsas da Universidade de Vigo e na seguinte ligazón: <https://www.uvigo.gal/estudar/mobilidade/estudiantes-saintes>

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. RENUNCIA

As persoas seleccionadas que decidan renunciar á bolsa, deberán manifestar a súa renuncia a través do formulario habilitado para tal efecto na plataforma *MoveOn*, que se colgará no portal de estudantes. O documento deberá ser asinado electronicamente.



8. INCOMPATIBILIDADES

A bolsa é compatible con calquera outra bolsa ou axuda obtida para a realización de estudos na Universidade de Vigo, en concreto coa bolsa do MEFP.

A bolsa é incompatible con calquera outra bolsa de mobilidade concedida para o mesmo período.

9. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá:

1. Cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que lle sexan de aplicación, e con todas as previstas nas bases desta convocatoria.
2. Comunicarse coa ORI a través da conta de correo co dominio *alumnos.uvigo.es* e enviar as mensaxes unicamente á conta de correo outgoing.ori@uvigo.es, identificándose sempre con nome e apelidos e indicando a mobilidade na que se participa.
3. Deberán tramitar a seguinte documentación e entregar na ORI a que lle sexa requirida antes, durante e despois da estadía:

➤ ANTES DO INICIO DA ESTADÍA

- Tramitar a **tarxeta sanitaria europea**. Ademais, é obrigatorio **contratar un seguro de asistencia en viaxes**. A ORI informará das condicións mínimas que debe conter (repatriación, etc). Deberá enviarse a documentación relativa ao período cuberto polo seguro a través de MoveOn.
- Asinar un **convenio de subvención** que lle será remitido desde a ORI e que deberá estar asinado polas dúas partes (alumnado e coordinadora institucional Erasmus) **antes do inicio da estadía**.
- Presentar en tempo e forma todos os documentos requiridos pola ORI, incluíndo o **contrato de estudos para mobilidades de curta duración**, segundo o modelo incluído nesta convocatoria (anexo II), debidamente asinado pola persoa responsable de relacións internacionais do centro, polo/pola estudante e pola persoa coordinadora de destino, con data **anterior ao inicio da mobilidade**.

➤ DURANTE A ESTADÍA NO CENTRO DE DESTINO

- **Permanecer no destino** ata o final do período previsto da estadía. En caso de renuncia á bolsa durante o seu período de vixencia, a persoa beneficiaria deberá comunicalo por escrito á persoa responsable de relacións internacionais do seu centro e á Oficina de Relacións Internacionais. As renuncias que se producen fóra do prazo establecido e sen xustificación serán motivo de exclusión en posteriores convocatorias. Todas as renuncias obrigarán á devolución do importe da bolsa xa recibido.
- **Manter o contacto directo periódico** coa persoa responsable de relacións internacionais do seu centro a través da dirección electrónica do dominio *@uvigo.es*.
- **Someterse ás normas** da universidade de destino no que se refire aos requisitos de conduta e resultados nas aulas.



➤ **UNHA VEZ FINALIZADA A ESTADÍA**

- Presentar na ORI, seguindo as súas indicacións, o **certificado de realización da estadía**, orixinal e asinado e selado pola universidade de destino, sen emendas nin raspaduras. As persoas beneficiarias acreditarán a estadía efectiva e a súa duración mediante este certificado. As datas de chegada e partida definitivas que aparezan neste certificado serán as que se terán en conta á hora de xustificar a estadía real.
- No caso de **viaxe ecolóxica**, achegar no momento da sinatura do convenio de subvención a xustificación correspondente: billetes de ida e volta, tarxetas de embarque de transporte ecolóxico e, no caso de automóbil eléctrico ou compartido, declaración responsable das persoas que comparten o vehículo acompañado de evidencias da identificación e características do automóbil, reposición ou recarga, autoestradas e quilometraxe. Cando só se xustifique a ida da viaxe, quedarase á espera da xustificación da viaxe de volta para realizar o pagamento da axuda polo concepto de viaxe ecolóxica.
- Cumprimentar e enviar a **enquisa EU Survey en liña nos 30 días naturais** posteriores á recepción da invitación para facelo. A Universidade de Vigo poderá requirir o reembolso da axuda financeira concedida ao alumnado que non cumprimente e envíe esta enquisa.

10. SINATURA DE DOCUMENTOS

Os documentos desta convocatoria que precisen ser asinados polo alumnado deberán asinarse con sinatura dixital, polo que o alumnado deberá solicitar, se non o ten, o certificado de persoa física ou posuír un lector de DNI electrónico.

Pódese consultar o [Manual para a obtención do certificado de persoa física \(FNMT\)](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-05/GL_manual_cidadania_FNMT.pdf) elaborado pola Universidade de Vigo na ligazón https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-05/GL_manual_cidadania_FNMT.pdf

11. REINTEGRO DA AXUDA E PERDA DO DEREITO DE COBRO

A concesión desta bolsa poderá ser revogada ou declararse a perda do dereito de cobro polos seguintes motivos, e suporá que a persoa beneficiaria reintegre as cantidades incorrectamente aboadas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Pola perda da condición de universitario/a, durante todo o período de goce da bolsa.

12. TRANSPARENCIA

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o





órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

13. PROTECCIÓN DE DATOS

A información sobre a política de protección de datos está dispoñible no [Portal de bolsas](#).

14. GLOSARIO

A continuación indícase a nomenclatura que se de utilizar para presentar a documentación requirida.

Documentación para entregar coa solicitude	
Certificado/a inglés	cid- apellido1-apellido2-nome/s-
Documentación para entregar o final da estadaía	
Certificado fin de estadaía	cefin- apellido1-apellido2-nome/s

Código seguro de Verificación : GEN-93eb-a82f-d68a-f731-b589-db0a-fd4e-9dc4 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

